

Maio 2011

A CIG-ENSINO esixe da Xerencia do Consorcio que cumpra a circular do propio organismo sobre disfrute das vacacións

Xa o pasado 3 de maio a CIG-Ensino presentou un escrito dirixido ao Xerente do Consorcio para demandar que de inmediato ordena substituír a todas as traballadoras e traballadores nos seus períodos vacacionais, sen excepcións nin desculpas de ningún tipo. Este escrito era presentado despois de constatar desde o sindicato que o Consorcio non estaba a realizar estas substitucións e que utilizaba esta circunstancia como medida de presión contra as Escolas, para obrígalas a cambiar o calendario de vacacións das traballadoras e os traballadores.

A CIG-Ensino comprobou, tamén, que o Consorcio está negándose a aprobar os calendarios presentados polas Escolas e dando instrucións para a súa modificación que conculcan o recollido na circular de 4 de febreiro sobre disfrute de vacacións emitida e asinada polo propio Xerente. Neste momento, o Consorcio pretende imporlle ás traballadoras e aos traballadores un período mínimo de vacacións que é superior ao estipulado na circular, e ademais pretende esixir que as vacacións sexan alternativas entre as traba-

lladoras o que dificulta o seu disfrute.

Por outro lado, o Consorcio enviou ás Escolas unhas instrucións que contradín a circular e que como proba da súa alegalidade é o primeiro en incumplir, pois nesas instrucións di que lle comunicará ás Escolas antes do 10 de abril que cuestións deben ser modificadas nos calendarios, cando despois desa data e mesmo neste mes de maio está contactando coas Escolas para dicirlles que non lles acepta o calendario presentado xa antes do 30 de marzo, o que conculca claramente a circular onde se recolle que a 30 de abril os calendarios de vacacións estarán ultimados, ou sexa, aprobados.

Cómpre sinalar que todos estes obstáculos se producen este ano e que as Escolas se encontran con que os calendarios de vacacións que lles foron aprobados ano tras ano, non se lles queren aprobar agora. Por outro lado hai que denunciar a actitude do Consorcio que lles trasladas ás Escolas que non lles acepta o calendario mais, nalgúns casos, non lles comunica

cales son os motivos polos que non llos quere admitir, obstaculizando o labor das Escolas.

A CIG-Ensino rexeita que o Consorcio estea tentando impoñer ás escolas uns criterios que contradín o recollido na circular. Por iso hoxe mesmo, a CIG-Ensino presentará un novo escrito esixindo que se cumpra a circular e, neste sentido, entendemos que todos os calendarios quedaron aprobados o 30 de abril como nela se recolle. Ao tempo, adiantamos que promoveremos as medidas legais oportunas se o Consorcio persiste en negarse a aceptar os calendarios de vacacións presentados polas Escolas en tempo e forma, malia axustarse ao recollido na circular..

A CIG-Ensino rexeita a actitude da Xerencia do Consorcio que ten manifestado reiteradamente a súa ineficacia, a que pretende tapar agora con medidas impositivas e sempre negándose ao diálogo desde unha actitude de prepotencia. Neste sentido, desde a CIG-Ensino, lembrámoslle que temos solicitado unha entrevista desde o pasado mes de decembro.

Escrito presentado por CIG-Ensino



Confederación Intersindical Galega
ENSINO

SECRETARIA NACIONAL

Rúa Miguel Ferro Caaveiro, nº 10, 1º
15703-SANTIAGO
Tlfn.: 981-576800 Fax: 981-575839
Correo electrónico: galiza@cig-ensino.com

Santiago de Compostela, 12 de maio de 2011

Sr. Xerente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar:

O pasado 3 de maio presentamos escrito dirixido a vostede para **demandar que de inmediato dera ordes de substituír a todas as traballadoras e traballadores nos seus períodos vacacionais**, sen excepcións nin desculpas de ningún tipo.

Pois ben, a día de hoxe a CIG-Ensino ten comprobado que o Consorcio non só non está a substituír as vacacións senón que **está a negar os calendarios presentados polos centros, e dando instrucións para a súa modificación que conculcan o recollido na circular de 4 de febreiro sobre disfrute de vacacións**.

A CIG-Ensino rexeita que o Consorcio estea tentando impoñer ás escolas uns criterios que contradín o recollido na circular, como por exemplo que as vacacións poderán gozarse en períodos mínimos de cinco días hábiles consecutivos. A CIG-Ensino trasládalle que non pode impor uns criterios que contradigan a circular ou que non estean nela recollidos, máxime cando o propio consorcio incumpriu xa eses criterios pois está a negar os calendarios de vacacións con data posterior ao 10 de abril, a fixada polo Consorcio para que a Xerencia adxunta notificase se os calendarios precisaban correccións. Comunicámoslle tamén que é o Consorcio o que está a incumplir a circular porque como nela se recolle os calendarios de vacacións deben estar ultimados o 30 de abril.

Desde a CIG-Ensino esiximos que se cumpra a circular e, neste sentido, entendemos que todos os calendarios quedaron aprobados o 30 de abril como marca a circular. Ao tempo, adiantamos que promoveremos as medidas legais oportunas se o Consorcio persiste en negarse a aceptar os calendarios de vacacións presentados polas Escolas en tempo e forma, malia axustarse ao recollido na circular.

Aproveitamos para lembrarlle que temos solicitado unha entrevista desde o pasado mes de decembro. Agardamos, polo tanto, ser recibidos á maior brevidade posíbel.

Un cordial saúdo,
Secretario Nacional da CIG-Ensino

SR. XERENTE DO CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR. XUNTA DE GALIZA